

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Ref: Lugo emprego activo

Asunto: Decreto designac membros

DECRETO NÚMERO 34/2010 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN E PATRIMONIO DITADO POLA TENENTE DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA.

Ilma. Sra. Dona SONIA MÉNDEZ GARCÍA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego.

Lugo, 15 de febreiro de 2010.

Instruído expediente relativo a DESIGNACIÓN DOS NOVOS MEMBROS QUE FORMARÁN PARTE DO COMITÉ DE EXPERTOS PARA A VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN DA DOCENCIA ESPECIALIZADA DOS CURSOS DE FORMACIÓN NO MARCO DO PROXECTO “LUGO EMPREGO ACTIVO”.

-

Examinado o expediente de referencia e vistos:

1.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen na contratación da docencia especializada dos cursos de formación no marco do proxecto “Lugo Emprego activo”, Segunda Fase.

2.- Cláusula Décimo-segunda, punto 12.1.2., no que se detalla que para a valoración dos apartados relativos á OFERTA TÉCNICA e tendo en conta o sinalado no artigo 134 da LCSP, deberá constituírse un comité formado por expertos na materia non integrados no órgano proponente do contrato que serán tres técnicos competentes do Concello de Lugo ou, se non fora posible, por tres profesionais con coñecementos na materia, ó que corresponderá a avaliación das proposicións conforme ós criterios sinalados. Os membros do comité serán designados por resolución da Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego.

3.- Visto Decreto número 23/2010 do 3 de febreiro, no que se designaron os membros que formarían parte do comité de expertos para a valoración das ofertas presentadas para a contratación da docencia especializada dos cursos de formación no marco do proxecto “Lugo Emprego Activo”, e que resultaron ser:

- MARÍA JOSÉ PENA LAGE, Técnico de Orientación laboral de Servizos Sociais do Concello de Lugo.

CONTRATACIÓN,PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Ref: Lugo emprego activo

Asunto: Decreto designac membros

- MARÍA JESÚS LÓPEZ VÁZQUEZ, Xefa do Servizo de Servizos Sociais do Concello de Lugo.

- LIDIA PLATAS, do Servizo de Drogodependencias.

4.- Vista a imposibilidade de dous destes membros de formar parte de dito comité de expertos, é polo que faise necesario que se nomeen a outros membros do comité para a valoración das ofertas técnicas para a contratación da docencia especializada no marco do proxecto “Lugo Emprego Activo” segunda fase.

5.- Vista a proposta da Axencia de Desenvolvemento Local de data 11 de febreiro de 2010, no que se designan os novos membros que formarán parte do comité de expertos para a valoración das ofertas técnicas para a CONTRATACIÓN DA DOCENCIA ESPECIALIZADA NO MARCO DO PROXECTO “LUGO EMPREGO ACTIVO” SEGUNDA FASE”, propónse a:

- MARÍA JOSÉ CARVALLO RUÍZ, Técnico Superior de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Lugo.

- MARÍA JESÚS GONZÁLEZ VARA-PIN, Responsable Técnico da Casa da Muller do Concello de Lugo.

- LIDIA PLATAS, do Servizo de Drogodependencias.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto o Decreto número 23/2010 do 23 de febreiro, no que se procedía o nomeamento do comité de expertos para a contratación da docencia especializada no marco do proxecto “Lugo Emprego activo”. Segunda Fase.

SEGUNDO.- Designar un novo comité de expertos para a selección da empresa adjudicataria do servizo para a CONTRATACIÓN DA DOCENCIA ESPECIALIZADA NO MARCO DO PROXECTO “LUGO EMPREGO ACTIVO” SEGUNDA FASE, ós seguintes membros:

- MARÍA JOSÉ CARVALLO RUÍZ, Técnico Superior de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Lugo.

- MARÍA JESÚS GONZÁLEZ VARA-PIN, Técnico do Servizo de muller do Concello de Lugo.

- LIDIA PLATAS, do Servizo de Drogodependencias.

TERCEIRO.- Publicar este Decreto no perfil do contratante do Concello de Lugo.

CONTRATACIÓN,PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Ref: Lugo emprego activo

Asunto: Decreto designac membros

CUARTO.- Notifíquesele-la presente resolución ás partes interesadas coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa e que contra ela poden interpoñe-los seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.
- Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante o órgano competente, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición (artigo 116.2 da Lei 30/92).

CUARTO.- Así mesmo déaselles traslado ás dependencias e ós servicios municipais afectados.
Cúmprase.